

# Escoitar.org Paisaxe sonora e auralidade

## Horario e datas

Do 20 ao 30 de novembro de 2007

Sesións teóricas, 16:00-18:00 h

Sesións prácticas, 18:00-20:00 h

Dirección do taller: Colectivo Escoitar.org

Coordinación: Yolanda López

*Proxecto-Edición* é unha iniciativa producida por Fundación Luís Seoane, MARCO e CGAC co fin de explorar as posibilidades que os diferentes soportes da edición contemporánea teñen na man dos artistas. Para máis información sobre as actividades vinculadas ao proxecto poden consultar a páxina web [www.proxecto-edicion.net](http://www.proxecto-edicion.net).

## Avance de actividades Escoitar.org

22/24 xaneiro 2008: Ciclo de conferencias

*Cartografías da escoita. Son e lugar*

4/16 marzo 2008: Ciclo de cine *Audiovisións*

O son que nos rodea, que nos acompaña e que producimos consciente ou inconscientemente, converteuse nas derradeiras décadas nunha ferramenta de traballo para a creación artística e a expresión musical. Esta experiencia acústica é tamén unha fonte de información cada vez máis relevante en diversos ámbitos de estudo como a antropoloxía, a arquitectura, a ecoloxía, a historia, a musicoloxía, a pedagogía, a psicoloxía... Neste contexto, conceptos como o de *paisaxe sonora* ou *auralidade* serviron para establecer un importante vínculo interdisciplinar que fai necesario deseñar estratexias que permitan asumir a complexidade desta sonosfera e articular novos modos de representación do coñecemento que superen a unidimensionalidade da nosa percepción, ancorada no eido do visual.

O colectivo Escoitar.org propón un obradoiro que vai da aproximación teórica á experiencia da escoita cun obxectivo principal: explorar as múltiples relacións que existen entre son e ambiente, entre o audible e o inaudible; todo isto no contexto da arte sonora e a fonografía. Ao mesmo tempo redescubriremos a realidade acústica de Santiago de Compostela, co fin de que os asistentes sexan capaces de afrontar un proxecto baseado na gravación e na edición orixinal de audio. Partindo de diversas gravacións de paisaxes sonoras, tentaremos capturar os sons propios, aqueles que os seus habitantes recoñecen dese xeito e que serven para definir a personalidade acústica da cidade, para despois xeolocalizalos no mapa web, baseado nun *hack* de Google Maps. Deste xeito, participaremos no proceso de configuración dun patrimonio sonoro consensuado polos propios oíntes.

Os sons recollidos polos participantes utilizaranse, nunha segunda fase, como material bruto para a elaboración dunha publicación-CD na que participarán diversos artistas sonoros internacionais. Do mesmo xeito, este obradoiro terá continuidade tanto nos encontros *Cartografías da escoita. Son e lugar* que se celebrará a finais de xaneiro e que contará coa participación de, entre outros, Bill Fontana, Carmen Pardo, Hildegard Westerkamp, Jean-Paul Thibaud ou John Levack Drever, así como no ciclo de cine documental e de ficción *Doce notas visuais: historia social da música*, que terá o son como eixo central.

Colectivo Escoitar.org  
[www.escoitar.org](http://www.escoitar.org)



**Escoitar.org** é unha asociación cultural, cuxo principal obxectivo é o fomento e a promoción do fenómeno sonoro como vía de coñecemento da sociedade galega. Forma parte de *Proxecto-Edición* (CGAC, MARCO e Fundación Luis Seoane) e atende a unha das liñas de investigación do grupo de investigación DX7 Tracker da Universidade de Vigo, no que está actualmente integrado. As súas actividades céntranse na conservación da memoria sonora de Galicia, a posta en valor do patrimonio cultural inmaterial, a restauración e dixitalización de arquivos sonoros, o fomento da participación dos oíntes na configuración do patrimonio sonoro e, sobre todo, nos traballos de campo/gravación e contextualización dos sons ambientais do país a partir do punto de vista artístico, etnomusicolóxico, bioacústico e antropolóxico. Esta liña de traballo materializouse nunha aplicación web que permite aos propios oíntes consensuar o mapa sonoro de Galicia.

Escoitar.org ofreceu obradoiros en Córdoba, Zaragoza, Pontevedra ou Vigo e participou en eventos como o Encontro Iberoamericano de Paisaxe Sonora (Madrid), o Festival Sónar (Barcelona), Medialab (Madrid), o Festival Zemos98 (Sevilla) ou Artech06 (Pontevedra), ademais de participar en diferentes exposicións.

**Chiu Longina** Antropólogo. Estudos de Musicoloxía. Artista sonoro e creador de espazos acústicos. Membro da Comunidade/Asociación de artistas dixitais Alg-a [[www.alg-a.org](http://www.alg-a.org)].

**Horacio González** Licenciado en Belas Artes, programador e coordinador do Festival de Arte Sonora IFI (Pontevedra).

**Carlos Suárez** Compositor e etnomusicólogo galego. En 1986 inicia o seu traballo como compositor creando máis de corenta obras acústicas e electroacústicas. No ano 2006 gaña o premio nacional de cultura polo seu libro *Los chimbánqueles de San Benito*.

**Juan-Gil López** Musicólogo. Forma parte do proxecto *Mediateletipos.net*. Nos últimos anos realizou diversas investigacións e publicacións tanto no campo da etnomusicoloxía e a música popular urbana como no da música contemporánea.

**Julio Gómez** Coordinador do colectivo SINSALaudio e xestor/programador cultural.



## Bases

### Destinatarios

Dirixido a artistas, músicos e creadores nas áreas da imaxe, do son ou da realización multimedia, interesados en desenvolver proxectos de creación sonora (instalacións, sonorización de obras plásticas, proxectos web...).

Poderán asistir tamén estudantes e outras persoas vinculadas aos ámbitos da antropoloxía, ciencias da comunicación, ecoloxía, etnomusicoloxía, historia, musicoloxía, pedagogía, socioloxía, xeografía... e todos aqueles que, aínda non tendo coñecementos previos, queiran achegarse e participar neste proxecto aberto, libre e do procomún.

### Inscrición

As solicitudes para participar no taller pódense presentar até o 19 de novembro por fax, por correo electrónico ou ben na recepción do CGAC indicando nome, teléfono e enderezo postal ou electrónico.

Matrícula: 12 euros

Membros da Asociación de Amigos do CGAC: 9 euros

Para formalizar a matrícula é preciso recoller o formulario de pagamento na recepción do CGAC e realizar o ingreso nas entidades bancarias indicadas.

Os solicitantes deberán presentar unha copia da folla de pagamento e fotocopia do DNI.

Número de participantes: 20. Ademais haberá 15 prazas para persoas que desexen asistir só á parte teórica como oíntes.

O CGAC ten solicitado un crédito de libre configuración para estudantes da USC.

Recoméndase aos participantes que traian o seu ordenador persoal. Os programas que se empregarán pódense descargar da Rede. O espazo de traballo contará con conexión wi-fi.